

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS

*RESOLUCIÓN do 23 de decembro de 2020 pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento CT207A).*

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, segundo o previsto nos artigos 3, 4 e 5 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio destinados a reforzar o papel dos creadores individuais, empresas e industrias culturais privadas, dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade. O obxectivo da Axencia é consolidar o tecido industrial no sector cultural galego para promover un tecido empresarial capitalizado, competitivo e innovador, fomentar a creación e potenciar a comercialización de bens e servizos culturais de calidade, favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singularizadores. A Axencia pretende fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega e, ao tempo, aumentar a exportación. Os destinatarios da Axencia son as empresas culturais privadas dedicadas principalmente á produción, distribución ou comercialización de produtos culturais.

Tal e como establece a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, na súa exposición de motivos, «a actividade cinematográfica e audiovisual conforma un sector estratéxico da nosa cultura e da nosa economía. Como manifestación artística e expresión creativa, é un elemento básico da entidade cultural dun país. A súa contribución ao avance tecnolóxico, ao desenvolvemento económico e á creación de emprego, xunto coa súa achega ao mantemento da diversidade cultural, son elementos suficientes para que o Estado estableza as medidas necesarias para o seu fomento e promoción, e determine os sistemas máis convenientes para a conservación do patrimonio cinematográfico e a súa difusión dentro e fóra das nosas fronteiras. Todo iso considerando que a cultura audiovisual, da cal sen dúbida o cinema constitúe unha parte fundamental, se encontra presente en todos os ámbitos da sociedade actual».



Segundo establece o Regulamento UE 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, os réximes de axuda concibidos para apoiar a elaboración de guións e o desenvolvemento, a produción, a distribución e a promoción de obras audiovisuais serán compatibles co mercado interior conforme o artigo 107, número 3, do Tratado, e quedarán exentos da obriga de notificación prevista no artigo 108, número 3, do Tratado, sempre que se cumpran as condicións previstas no propio regulamento, e unha das condicións exixidas é que as axudas se destinarán a un produto cultural, condición imprescindible na presente convocatoria. De conformidade co artigo 54 do Regulamento, «co fin de evitar erros manifestos á hora de cualificar un produto como cultural, cada Estado membro establecerá procesos eficaces, como a selección de propostas por parte dunha ou varias persoas encargadas da selección, ou a verificación con respecto a unha lista predeterminada de criterios culturais». Na presente convocatoria establécese a selección por parte dunha comisión de selección, da cal formarán parte expertos independentes, e por outra banda establécese unha lista de criterios que a comisión debe seguir á hora da avaliación para a concesión das axudas a obras audiovisuais.

Con esta convocatoria de axudas, a Axencia Galega das Industrias Culturais quere seguir impulsando un marco de actuación cultural baseado en tres premisas substanciais:

1. O impulso do sector audiovisual galego, considerado como estratéxico para a Comunidade.
2. A consolidación de industrias audiovisuais competitivas, con posibilidades de exportar e dar rendibilidade social e económica á cultura galega.
3. A busca da excelencia nos produtos culturais galegos, coa posta en valor da cultura galega a través da creación e divulgación de produtos audiovisuais galegos.

Por todo isto, en consonancia cos seus obxectivos inmediatos, apróbase a convocatoria pública de subvencións á produción audiovisual para o exercicio 2021 de acordo coas seguintes bases:

*Primeira. Obxecto, finalidade e principios de xestión*

1. Esta resolución, no desenvolvemento das funcións e obxectivos encomendados e previstos na Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, ten por obxecto fixar as bases que regularán o réxime de subvencións, en réxime de



concorrenza competitiva, establecidas pola Agadic para contribuír ao fomento da produción de obras audiovisuais galegas, dentro do marco das competencias deste organismo, e realizar a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CT207A).

2. Estas subvencións son incompatibles con outras axudas polo mesmo proxecto da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e dos seus organismos dependentes. En particular, serán incompatibles coas subvencións ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais cando ambas as convocatorias coincidan no mesmo exercicio.

Estas subvencións son compatibles con outras axudas polo mesmo proxecto do resto da Administración da Xunta de Galicia e organismos dependentes, así como doutras administracións públicas e entidades públicas ou privadas, e con outros ingresos ou recursos para a mesma finalidade, sempre que non se superen as porcentaxes máximas establecidas na presente convocatoria.

3. En ningún caso a suma dos importes das axudas concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade subvencionada, segundo establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. A normativa aplicable a estas subvencións axustarase ao disposto na presente Resolución pola que aproban se as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego, e se convocan para o ano 2021; á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, e supletoriamente á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións; á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; á Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; á Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia; á Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, e ao Real decreto 1084/2015, do 4 de decembro, que a desenvolve, e demais normativa de xeral aplicación.

5. Estas subvencións serán tramitadas e concedidas en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos seguintes principios:



a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.

c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

6. As solicitudes, así como toda a tramitación do procedemento, serán electrónicas, de conformidade co disposto no artigo 10.2 a) da Lei 4/2019, do 4 de xullo, de administración dixital de Galicia, que establece que no ámbito do sector público autonómico estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos para realizar calquera trámite, ademais dos indicados no artigo 14 da Lei 39/2015, entre os cales se atopan as persoas xurídicas e os seus representantes, os traballadores autónomos para os trámites que realicen no exercicio da súa actividade profesional.

7. Estas bases, así como a Guía de procedementos e servizos, estarán dispoñibles no seguinte enderezo web: <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, nas dependencias da Axencia Galega das Industrias Culturais, na súa páxina web, <http://agadic.gal>, e no seu enderezo electrónico [agadic@xunta.gal](mailto:agadic@xunta.gal), e debidamente publicadas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

8. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria anual e a información requirida no ordinal oitavo do dito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

#### Segunda. *Persoas beneficiarias da subvención*

1. Poderán optar a estas subvencións todas as persoas físicas (autónomas) ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes cunha antigüidade mínima e sen interrupcións dun ano, dadas de alta cunha unha antigüidade mínima e sen interrupcións dun ano na epígrafe IAE 961.1 e con sucursal ou oficina permanente de polo menos un ano, previamente a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea e que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia.

Por produtor independente enténdese, para os efectos desta convocatoria, toda persoa física (autónoma) ou xurídica privada que teña a iniciativa e asuma a responsabilidade na



produción audiovisual e non sexa obxecto de influencia dominante por parte dun prestador de servizo de comunicación/difusión audiovisual nin dun titular de canle televisiva privada nin, pola súa parte, exerza unha influencia dominante, tal e como establece a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, artigo 4.n).

Cando a persoa xurídica sexa unha agrupación de interese económico (AIE), os requisitos citados deberán ser cumpridos por todas as empresas que a integran no momento da súa constitución. A agrupación non poderá disolverse ata que rematase o prazo de prescripción para o reintegro e as infraccións previsto polos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia.

2. En calquera caso, a consideración dos proxectos como incentivables estará supeditada ás necesidades de apoio que se desprendan do seu carácter cultural, da súa achega á cinematografía galega e á promoción do talento galego, da súa viabilidade económica e de realización e da calidade da proposta. As subvencións que se concedan deberán ter efecto incentivador, polo que a solicitude deberá terse presentado antes do comezo do proxecto.

3. Non poderán ser destinatarias das subvencións previstas nesta convocatoria as empresas produtoras que só teñan unha participación económica no proxecto de longametraxe.

4. Só poderán participar nesta convocatoria aquelas produtoras que teñan unha participación igual ou superior ao 20 % do proxecto audiovisual.

5. Un mesmo solicitante poderá obter, de acordo coa presente convocatoria, un máximo de dúas subvencións, sempre que unha delas sexa das seguintes modalidades:

– Proxectos da modalidade A1 que constitúan a primeira longametraxe dun director e non superen os 300.000 euros de orzamento de produción.

– Proxectos da modalidade C.

– Proxectos da modalidade D.

Non obstante o anterior, cando a entidade solicitante obteña subvención por un proxecto audiovisual e pola súa vez forme parte dunha AIE que tamén resulte beneficiaria da subvención por outro proxecto audiovisual non poderá ser beneficiaria dun segundo proxecto en ningún caso.



Nos demais casos, no suposto de que varios proxectos dun mesmo solicitante se consideren subvencionables, optarase polo que teña maior puntuación. Dentro da mesma convocatoria non poderán presentar o mesmo proxecto distintas empresas ou entidades nin tampouco se poderá presentar un mesmo proxecto a distintas modalidades. Cando un mesmo proxecto non reciba subvención non se poderá presentar a máis de tres convocatorias desta liña de axudas.

6. A presente convocatoria non será aplicable ás empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior, así como ás empresas en crise, tal e como establecen os artigos 1 e 2 do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

7. Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades en que conorra algunha das prohibicións establecidas nos termos previstos no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, os solicitantes declararán non estar incurso en tales circunstancias, consonte o establecido no anexo I desta convocatoria.

### Terceira. *Modalidades e límites*

1. As modalidades de subvención que comprende esta convocatoria son as que seguen:

1.a) Modalidade A: producións e coproducións de longametraxes cinematográficas de ficción, segundo as seguintes submodalidades:

– Modalidade A.1: longametraxes de ficción de autoría galega que contribúan a salientar a diversidade cinematográfica de Galicia e os recursos creativos, artísticos e técnicos do audiovisual galego con clara intención de difusión nacional e internacional.

– Modalidade A.2: longametraxes con especial valor cinematográfico, cultural e social que contribúan a fomentar o tecido industrial do sector audiovisual galego, posúan alta viabilidade na súa execución e teñan vocación de distribución e comercialización nacional e internacional.

1.b) Modalidade B: producións e coproducións de longametraxes cinematográficas de animación que posúan un especial valor cultural e social, fomenten o tecido industrial do



sector audiovisual galego e teñan vocación de difusión e comercialización nacional e internacional.

1.c) Modalidade C: produción e coprodución de longametraxes de non ficción ou documental de autoría galega, con especial valor cinematográfico e clara vocación de difusión nacional e internacional.

1.d) Modalidade D: produción de curtametraxes de ficción, non ficción e animación de autoría galega, cunha duración máxima de 30 minutos.

1.e) Modalidade E: producións ou coproducións destinadas a ser emitidas por televisión de acordo coas seguintes submodalidades:

– Modalidade E1. Longametraxes, miniserias e series televisivas de ficción que promovan a cultura galega, empreguen e salienten os valores creativos, artísticos e técnicos do audiovisual galego e teñan un decidido propósito de difusión. Consideraranse longametraxes de ficción para televisión aquelas producións que teñan unha duración mínima de 60 minutos. Consideraranse miniserias de ficción aquelas producións de 2 capítulos que teñan unha duración mínima de 52 minutos cada un. Consideraranse series de ficción aquelas producións de ata 10 capítulos que se correspondan cunha primeira tempada e teñan carácter autoconclusivo.

– Modalidade E2. Longametraxes documentais para televisión de autoría galega que contribúan á difusión da cultura galega, a pór en valor as manifestacións creativas e artísticas galegas ou aborden calquera aspecto da realidade social galega, pero sen empregar como principal instrumento a recreación de ficción. As longametraxes documentais para TV deberán ter un mínimo de 52 minutos de duración.

– Modalidade E3. Series de animación infantil e xuvenil destinadas a ser emitidas por televisión que destaquen polo seu carácter innovador, fomenten a aplicación das novas tecnoloxías da produción e teñan unha clara vocación de comercialización no ámbito nacional e internacional. As series de animación deberán ter unha duración mínima global de 80 minutos e corresponderanse cunha primeira tempada de carácter autoconclusivo.

2. Entenderase por longametraxe cinematográfica (modalidades A, B e C) aquela produción de máis de 60 minutos de duración.





3. Entenderase por produción de autoría galega aquela en que dous dos seguintes profesionais: director/a, guionista ou produtor/a executivo/a sexan de orixe galega ou teñan acreditados máis de dous anos de actividade profesional no sector audiovisual en Galicia. No caso de proxectos que contén con coprodución internacional haberá que acreditar a orixe ou antigüidade de máis de dous anos de actividade profesional en Galicia dun só dos profesionais mencionados. Para os efectos da presente convocatoria a vinculación profesional poderase acreditar cando a actividade realizada teña coincidido con algunha das funcións que se definen (director/a, guionista, produtor/a executivo/a) e se teña dado en máis de dous proxectos audiovisuais ou mediante contratación de servizos por parte dun mínimo de dúas empresas produtoras audiovisuais diferentes.

5. Entenderase por obra en versión orixinal galega aquela que teña máis do 75 % dos diálogos e/ou narración en lingua galega.

6. As contías máximas que se concederán de acordo coa presente resolución para cada un dos proxectos, segundo a modalidade de que se trate, son as seguintes:

Modalidade	A: longametraxe cinematográfica de ficción	B: longametraxe cinematográfica de animación	C: longametraxe cinematográfica non ficción	D: curtametraxe de ficción, non ficción e animación	E: proxecto para televisión		
	A1 e A2				E.1: longa ou miniserie/serie	E.2: documental	E.3: serie de animación infantil/xuvenil
Contía	260.000 €	260.000 €	80.000 €	15.000 €	160.000 € 260.000 €	45.000 €	160.000 €

Ademais, a adxudicación non excederá as porcentaxes máximas establecidas para a concorrencia de subvencións no número seguinte, en relación co importe subvencionable achegado pola empresa solicitante. Igual límite se aplicará á concesión de subvencións, no caso de coproducións, pero esta vez sobre o importe subvencionable de todas as empresas coprodutoras españolas, tendo en conta a totalidade de subvencións declaradas para o proxecto.

7. Concorrencia de subvencións.

Segundo os límites establecidos no artigo 54 do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, estas subvencións son compatibles con outras axudas polo mesmo proxecto do resto da Administración da Xunta de Galicia e organismos dependentes, así como doutras administracións públicas e entidades públicas, sempre que a intensidade de axuda non exceda o 50 % ou





o 60 %, 70 % e 75 % nos supostos dos parágrafos seguintes, do importe subvencionable e de conformidade cos límites establecidos polo artigo 54 do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, así como co establecido no Real decreto 1084/2015, do 4 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.

O total de subvencións concedidas poderá chegar ata o 60 % nos seguintes supostos:

- Producións transfronteirizas financiadas por máis dun Estado membro da Unión Europea ou en que participen empresas produtoras de máis dun Estado membro.
- Proxectos en versión orixinal galega.

O total de subvencións concedidas poderá chegar ata o 70 % cando se trate dunha primeira longametraxe dun director (modalidades A1 e C) que non supere os 300.000 euros de orzamento de produción.

O total de subvencións concedidas poderá chegar ata o 75 % cando se trate dun proxecto da modalidade D (curtametraxes de ficción, animación ou documental).

No suposto de coproducións, para os efectos de control das axudas e subvencións, terase en conta a totalidade das recibidas para o proxecto, con independencia da entidade que reciba a subvención e calcularase a porcentaxe correspondente sobre o total do proxecto cos gastos subvencionables de todas as empresas coprodutoras españolas.

#### Cuarta. *Procedemento, orzamento e imputación de créditos e contía*

1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e por anticipado de gasto, polo que a concesión das subvencións quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión. Así mesmo, quedará suxeito ao Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

2. Estas subvencións terán carácter cuadriannual ou bianual no caso da modalidade D, e admitiranse aqueles gastos que fosen realizados dentro do período comprendido entre a solicitude e a data máxima de xustificación establecida na presente convocatoria para cada modalidade.



3. O importe global máximo para o financiamento da presente convocatoria será de 2.500.000 euros, distribuídos por anualidades: 250.000 euros para o exercicio 2021, 563.000 euros para o exercicio 2022, 723.000 euros para o exercicio 2023 e 964.000 para o exercicio 2024, suma que irá con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.770.0 do orzamento de gasto da Agadic, coa seguinte distribución:

	2021	2022	2023	2024
Modalidade A, B, C, E	220.000 €	503.000 €	723.000 €	964.000 €
Modalidade D	30.000 €	60.000 €		
Total	250.000 €	563.000 €	723.000 €	964.000 €

– 90.000 euros para a modalidade D, con carácter bianual: 30.000 para a anualidade de 2021 e 60.000 para a anualidade 2022.

– 2.410.000 euros para o resto das modalidades, con carácter cuadrianual: 220.000 euros para a anualidade 2021, 503.000 euros con cargo ao exercicio 2022, 723.000 euros con cargo ao exercicio 2023 e 964.000 con cargo ao exercicio 2024. Deste orzamento, 1.687.000 euros resérvanse para as modalidades A1, A2, B e C, sen prexuízo de reasignar as cantidades entre as distintas modalidades se non hai suficientes proxectos que acaden a puntuación exixida.

4. Os importes previstos poderán ser incrementados ao longo do exercicio, nos supostos establecidos no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia, e tras declaración previa de dispoñibilidade de crédito, logo da modificación orzamentaria que proceda. Se é o caso, a ampliación de crédito deberase publicar nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver. A alteración da distribución establecida nesta convocatoria non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

*Quinta. Inicio do procedemento: presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas pre-



sentada a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

*Sexta. Prazo para presentar as solicitudes e emenda*

1. O prazo para presentar as solicitudes será dun mes desde o día seguinte á publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta, non se achegase a documentación exigida ou non se reunisen os requisitos sinalados na normativa da convocatoria ou os que, con carácter xeral, se indican na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a persoa interesada será requirida para que no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á notificación do requirimento, emende o defecto advertido, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos, e indícase ademais que, de non o facer, se considerará que desiste na súa petición, logo de resolución que declarará esta circunstancia e que deberá ser ditada nos termos previstos na lei.

3. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados telematicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

*Sétima. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. Ademais da solicitude (anexo I), os interesados nestas subvencións presentarán, con carácter xeral, a seguinte documentación:



1.1. Certificado do acordo social da solicitude da axuda, se a persoa solicitante é persoa xurídica.

1.2. Estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no rexistro mercantil ou no que corresponda, se a persoa solicitante é persoa xurídica.

1.3. Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude.

1.4. Contrato ou carta de compromiso dunha empresa prestadora do servizo de comunicación audiovisual, segundo a Directiva europea 2010/13/UE1 de servizos de comunicación audiovisual, no caso dos proxectos presentados á modalidade E.

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta.

2. As persoas solicitantes deberán enviar a seguinte documentación específica:

2.1. Documentación acreditativa de que o proxecto é obra orixinal e de posuír os dereitos suficientes do guión, obra literaria ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles.

2.2. Datos identificativos do proxecto: título, xénero, versión lingüística orixinal da obra, formato de rodaxe ou gravación, orzamento total, empresa ou empresas produtoras e nacionalidades, responsables da produción executiva, guión e dirección.

2.3. Sinopse argumental cunha extensión máxima de 500 palabras.

2.4. Guión do proxecto (e/ou escaleta nos documentais). No caso das miniserias de ficción para televisión, deberá achegarse o guión dos dous primeiros capítulos; no caso das series, o guión dos dous primeiros capítulos máis un completo tratamento argumental. No



caso das series de animación, presentarase como mínimo o equivalente a 80 minutos de programación mais o tratamento completo dos demais capítulos.

2.5. Memoria do proxecto, que deberá conter:

2.5.1. Descrición de intencións, por parte do director/a, en canto ao tratamento formal e os aspectos creativos do proxecto.

2.5.2. Descrición, por parte da empresa produtora solicitante, das motivacións, o deseño da produción en canto a repartición de actores e outros elementos artísticos e técnicos relacionados co guión proposto, previsións de lanzamento e difusión nacional e internacional da obra.

2.5.3. Voluntariamente poderase achegar un plan de promoción e *marketing* especializado e un *teaser* de non máis de tres minutos do proxecto.

2.6. Historial creativo e profesional da empresa produtora en que se detallen as obras audiovisuais producidas, limitando a relación a un máximo de cinco títulos de maneira que figuren en primeiro lugar os que se correspondan coa modalidade a que se presenta o proxecto. Quedarán excluídos os formatos de contidos de entretemento. No caso das compañías de recente creación, poderase achegar o historial do/da profesional responsable da produción executiva do proxecto.

2.7. Documentación acreditativa en canto á presenza en festivais e certames de prestixio, nominación e obtención de premios, distribución e exhibición nacional, territorios de comercialización e repercusión en canles de televisión e plataformas da internet, se for o caso, das obras relacionadas no punto anterior.

2.8. Contratos ou cartas de compromiso asinados en que consten as cantidades económicas acordadas con director, guionista, produtor executivo (segundo proceda), no caso dos proxectos de autoría galega.

2.9. Historial en canto a traballos previos realizados, e só se se pode acreditar documentalmente a súa participación no proxecto, dos seguintes profesionais: director/a, guionista, produtor/a executivo/a, actores e actrices principais, director/a de fotografía, director/a de arte, deseñador/a de personaxes e fondos (animación), compositor/a da banda sonora orixinal. Contratos asinados ou cartas de compromiso que detallen as cantidades económicas, se os houber, cos profesionais relacionados. De ser o caso, especificación de se o



director ou directora ten a condición de novel e de se a porcentaxe de mulleres entre os profesionais mencionados, con excepción da figura do/a director/a, supera o 50 %. De ser o caso, indicación dos profesionais de orixe galega ou con máis de dous anos de actividade profesional en Galicia cando a vinculación laboral coincida coas funcións que se definen no proxecto e se teña dado en máis de dous proxectos audiovisuais ou baixo contrato cun mínimo de dúas empresas produtoras diferentes. No caso de proxectos pertencentes ás modalidades E1 e E3, indicación de: porcentaxe de capítulos dirixidos integramente por unha muller, porcentaxe de capítulos dirixidos integramente por un/unha director/a novel, creador/a da serie e porcentaxe de guións en que este/a exerce a autoría principal.

2.10. Plan de financiamento xunto coa documentación xustificativa, de ser o caso, de: subvencións solicitadas e/ou concedidas, contratos ou cartas de interese relativos á explotación da obra en que se detallen as cantidades económicas (ventas ou cesión de dereitos con empresas prestadoras do servizo de comunicación audiovisual, vendas internacionais, dereitos de distribución, outros), contratos de coprodución, acordos de compromiso de investimento privado e achega de fondos propios. Para os efectos de acreditación do financiamento, os contratos e cartas de compromiso deberán ter data posterior ao 31 de decembro de 2019 ou estar acompañados dunha actualización ou addenda.

2.11. Orzamento definitivo segundo os modelos publicados na páxina web da Agadic.

2.12. Calquera outra documentación que o solicitante considere pertinente para mellor defensa do proxecto.

Con relación á documentación relacionada nos puntos 2.2, 2.3, 2.4 e 2.5, o órgano instructor comprobará a súa presentación pero non realizará a comprobación cualitativa do seu contido. A dita documentación tampouco poderá ser obxecto de modificación ou mellora ao longo da fase de instrución do procedemento previamente á reunión da Comisión de Valoración. Os documentos presentados en branco non se considerarán defectos emendables, senón que continuarán coa súa tramitación para os efectos da instrución do expediente.

3. As seguintes declaracións e/ou compromisos responsables, recollidos no anexo I:

3.1. Declaración de que a entidade solicitante ou, de ser o caso, as empresas que integran a entidade xurídica solicitante cumpren cos requisitos de produtor independente, tal e como establece o artigo 4.n) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.



3.2. Que a entidade solicitante é titular dos dereitos de propiedade da obra, de acordo co establecido no artigo 24.2 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.

3.3. Que a entidade solicitante posúe un contrato ou carta de compromiso asinado cunha empresa prestadora do servizo de comunicación audiovisual relativa á participación no proxecto ou compra de dereitos de emisión da obra audiovisual, no caso dos proxectos da modalidade E.

3.4. No caso de obras de autoría galega, declaración responsable en que conste a orixe galega ou a vinculación de actividade profesional co sector audiovisual galego de máis de dous anos de antigüidade de dous dos seguintes profesionais: director, guionista ou produtor executivo, segundo proceda.

3.5. Declaración que especifique a lingua orixinal da rodaxe/gravación, en que conste a porcentaxe.

3.6. Declaración en que conste a porcentaxe de días de rodaxe que se desenvolverá en Galicia.

3.7. Declaración da porcentaxe de utilización de estudos principais de animación que desenvolven a súa actividade habitual en Galicia (no caso de proxectos de animación).

3.8. Declaración responsable coa relación de empresas auxiliares que desenvolven a súa actividade en Galicia e interveñen na produción.

3.9. Declaración responsable que exprese a orixe galega ou a vinculación laboral con Galicia de máis de dous anos de antigüidade de actividade profesional na Comunidade Autónoma cando a vinculación laboral coincida coas funcións que se definen e se teña dado en máis de dous proxectos audiovisuais ou baixo contrato cun mínimo de dúas empresas produtoras diferentes do equipo creativo e técnico (director/a, guionista, produtor/a executivo/a, director/a de produción, director/a de fotografía, responsable do son directo, compositor/a da banda sonora orixinal, director/a artístico/a, deseñador/a de personaxes e fondos, montador/a e outros profesionais con responsabilidade de área que interveñan na produción), e do equipo actoral. De ser o caso, especificación de empresas, proxectos e datas en que se deu a dita vinculación.

3.10. De ser o caso, declaración en que conste que a obra será a primeira ou segunda longametraxe integramente a cargo do/da director/a.





3.11. De ser o caso, declaración en que conste que a dirección da obra estará integramente a cargo dunha muller.

3.12. De ser o caso, declaración en que conste que a porcentaxe de mulleres que formarán parte do equipo segundo a relación proposta na presente convocatoria será superior ao 50 %, excluída a figura da directora.

3.13. No caso de proxectos pertencentes ás modalidades E1 e E3, declaración en que conste: porcentaxe de capítulos dirixidos integramente por unha muller, porcentaxe de capítulos dirixidos integramente por un/unha director/a novel, creador/a da serie e porcentaxe de guións en que este/a exerza a autoría principal.

3.14. Declaración en que consten as obras, indicando formatos e ano de produción, estreadas e difundidas pola empresa solicitante ou, de ser o caso, pola persoa responsable da produción executiva. Non se incluírán os formatos de entretemento (programas) para TV.

3.15. Se é o caso, declaración de que o proxecto tivo unha subvención para a escrita de guión ou desenvolvemento de proxectos en anteriores convocatorias da Agadic, con indicación do ano da concesión.

3.16. Declaración en que conste a porcentaxe de financiamento sobre o custo total do proxecto debidamente acreditada.

4. Calquera outra documentación que o solicitante considere pertinente para a mellor defensa do proxecto.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

CVE-DOG: uzotvep7-ffa6-0y79-6fq8-ym2pyv2fzj39



5. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

7. No caso de que algún dos documentos que se deban presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Oitava. *Comprobación dos datos*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- DNI ou NIE da persoa solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- NIF da entidade solicitante.
- Certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe/subepígrafe que corresponda, no exercicio actual.
- Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.



- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar día no pagamento das obrigas coa Comunidade Autónoma.
- Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- Consulta de concesións de subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Novena. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións o texto da convocatoria anual e a información requirida no ordinal oitavo do artigo 20. A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

#### Décima. *Procedemento de concesión das subvencións: instrución e competencia para a avaliación das solicitudes*

1. A Dirección da Agadic, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instrutor do procedemento, nos termos previstos no artigo 21 da



Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e correspóndelle realizar de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución. En particular, terá atribuídas especificamente as seguintes funcións:

1.1. Examinar as solicitudes e documentación presentadas.

1.2. Requirir das persoas solicitantes a emenda ou achega da documentación que resulte de obrigado cumprimento.

1.3. Formular a proposta de resolución, debidamente motivada.

2. Co fin de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderáselles pedir información complementaria ás persoas interesadas, así como a outros servizos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, ou aos profesionais ou expertos consultados.

En todo caso, a Dirección da Agadic poderá requirir os solicitantes para que proporcionen calquera información aclaratoria que resulte necesaria para a xestión da súa solicitude.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Dirección da Agadic e as unidades administrativas encargadas da tramitación e seguimento do expediente respectivo poderán comprobar en todo momento a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados, e levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos labores e demais actuacións que deriven destas bases.

Para estes efectos, as persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas de comprobación que se establezan nesta resolución e na de adxudicación da subvención.

Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación administrativa necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración.

Décimo primeira. *Comisión de Valoración*

1. Para avaliar os proxectos presentados constituirase unha comisión de valoración, que será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nas presentes bases.



2. A Comisión de Valoración estará formada por catro membros:

- Un/unha representante da TVG, nomeado polo/a director/a da RTVG.
- Dous profesionais de recoñecido prestixio no mundo cultural e/ou audiovisual, nomeados/as pola Dirección da Agadic, entre os cales se designará o seu presidente/a.
- Un/unha profesional pertencente ao cadro de persoal da Agadic, nomeado pola Dirección da Agadic.

Actuará como secretario/a unha persoa designada pola Dirección da Agadic, pertencente ao cadro de persoal da Agadic con voz e sen voto. Os membros da comisión declararán por escrito que non terán relación cos solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes, nin cos proxectos que participan na correspondente convocatoria anual.

A comisión estará obrigada a realizar un informe motivado e conxunto de cada unha das valoracións que realice.

3. A proposta dos proxectos obxecto de subvención realizarase separadamente para cada modalidade atendendo aos seguintes factores: puntuación final recibida por cada proxecto, orzamento subvencionable deste, contía solicitada en atención ao límite máximo da modalidade correspondente e orzamento total da convocatoria. De non esgotarse o crédito asignado aos proxectos da modalidade E, este poderá asignarse a outras modalidades que por número e calidade de proxectos así o requiran. Unha vez entregado o informe preceptivo por parte da Comisión de Valoración, a Dirección da Agadic elaborará a proposta de resolución e indicará o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico da subvención correspondente a cada unha delas.

#### Décimo segunda. *Criterios de valoración*

1. Os criterios de avaliación serán os seguintes:

MODALIDADES A1, A2, E1-FICCIÓN: PROXECTOS DE LONGAMETRAXE PARA CINE E LONGAMETRAXE, MINISERIE OU SERIE PARA TELEVISIÓN	Máximo 150 puntos
PUNTUACIÓNS OBXECTIVAS	
A) Contribución cultural	Máximo 20 puntos
1) Lingua orixinal de rodaxe/gravación (versión orixinal en lingua galega cunha presenza mínima do 50 % no conxunto de diálogos ou narración).	Máximo 10 puntos
– Do 50 % ao 75 % en galego	6 puntos
– Máis do 75 % en galego	10 puntos



2) Interese cultural da proposta. Valoraranse os seguintes aspectos: a achega do proxecto ao enriquecemento da cultura audiovisual galega; a súa contribución a salientar o talento creativo e artístico galego; estar baseado nunha obra literaria galega e/ou escrita orixinalmente en lingua galega; que a trama narrativa verse sobre personaxes reais ou de ficción residentes en Galicia ou na Unión Europea; que aborde temas referidos á realidade cultural, social ou política de Galicia ou da Unión Europea; que a acción se desenvolva en Galicia ou na Unión Europea; que contribúa a situar a Galicia como territorio idóneo en canto a localizacións e desenvolvemento de rodaxes, ou que utilice o patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e natural galego ou de calquera outro territorio da Unión Europea.	10 puntos para aqueles proxectos que cumpran 2 dos aspectos mencionados
<b>B) Impulso da cinematografía galega e contribución á promoción do talento galego</b>	<b>Máximo 50 puntos</b>
1. Rodaxe en Galicia. Porcentaxe de rodaxe ou gravación da longametraxe que se levará a cabo en localizacións, espazos escénicos e estudos cinematográficos de Galicia.	Máximo 10 puntos
– Do 26 % ao 50 % de días de rodaxe no territorio de Galicia	4 puntos
– Do 51 % ao 75 % de días de rodaxe no territorio de Galicia	8 puntos
– Máis do 75 % de días de rodaxe no territorio de Galicia	10 puntos
2. Traballos realizados por empresas auxiliares que desenvolven a súa actividade en Galicia.	Máximo 8 puntos
– Posproducción de imaxe	3 puntos
– Posproducción de son e dobraxe	3 puntos
– Outros (detállense)	2 puntos (1 por cada servizo)
3. Equipo creativo galego ou vinculado profesionalmente con Galicia. No caso de que a autoría sexa compartida, aplicarase a metade dos puntos posibles concedidos, e non poderá ser a participación inferior ao 50 %. Unha mesma persoa non poderá puntuar por máis de dúas funcións.	Máximo 20 puntos
– Director/a (no caso das series só puntuará a dirección íntegra dun mínimo do 50 % dos capítulos; no caso das miniserries, os dous capítulos)	4 puntos
– Guionista (no caso das series só puntuará cando sexa o/a guionista principal de todos os capítulos da serie e coincida ademais coa figura do/a creador/a dela; no caso das miniserries, puntuará a autoría dos dous capítulos)	3 puntos
– Produtor/a executivo/a	2 puntos
– Dirección de fotografía	2 puntos
– Composición da BSO	2 puntos
– Montador	2 puntos
– Dirección de produción	1 punto
– Son directo	1 punto
– Director artístico	1 punto
– Outros (detállense)	2 puntos (1 punto por cada membro adicional)
4. Equipo actoral residente ou vinculado profesionalmente con Galicia.	Máximo 6 puntos
– Actor/actriz principal	2 puntos
– Actor/actriz principal	2 puntos
– Actor/actriz non principal	1 punto
– Actor/actriz non principal	1 punto
5. Dirección novel (primeira ou segunda película/serie, obra íntegra).	2 puntos
6. Dirección integramente a cargo dunha muller.	2 puntos
7. Porcentaxe de mulleres no equipo creativo (excluída dirección) superior ao 50 %.	2 puntos



C) Viabilidade económica e de realización	Máximo 30 puntos
1. Solvencia técnica da produtora solicitante. Terase en conta o número de obras audiovisuais que cumpran dúas das seguintes condicións: presenza das ditas obras en seccións oficiais a concurso de festivais de cinema nacionais e/ou internacionais de recoñecido prestixio; obtención de premios audiovisuais de ámbito autonómico, nacional ou internacional; distribución e exhibición nacional; vendas internacionais; repercusión en televisións e/ou plataformas da internet dos ámbitos autonómico, nacional ou internacional. No caso de produtoras de recente creación, terase en consideración a experiencia do produtor executivo. No caso de que as obras acreditadas sexan curtametraxes, a puntuación reducirase á metade, contabilizando un máximo de 4 producións. Os contidos de entretemento (programas) para TV non puntúan.	Máximo 10 puntos 2 puntos por cada obra
2. Proxectos que recibisen axudas ao desenvolvemento ou á escrita de guión en anteriores convocatorias da Agadic, sempre que se teña realizado correctamente a entrega da conta xustificativa.	5 puntos
3. Viabilidade económica e coherencia do plan de financiamento con respecto á memoria do proxecto presentada. Porcentaxe de financiamento acreditado mediante documentación xustificativa de: dereitos a recibir axudas ou subvencións, contratos en vigor ou precontratos coas cantidades económicas definidas relativos á explotación da obra (cesión de dereitos, distribución) e compromisos de investimento privado. Só se valorará unha porcentaxe máxima do 10 % de orzamento subvencionable como achega de fondos propios no caso da submodalidade A1, e cun límite máximo de 100.000 euros. Os contratos achegados para acreditar a viabilidade económica do proxecto deberán ser posteriores ao 31 de decembro de 2019. Se son anteriores admitirase unha actualización ou addenda destes. No caso das empresas públicas de comunicación audiovisual poderá achegarse a resolución oficial de participación ou compra de dereitos se non se dispón do contrato asinado. Só se valorará a porcentaxe indicada na solicitude cando se corresponda coa documentación acreditativa que se achega; no caso de haber discrepancias, a puntuación será 0.	Máximo 15 puntos
a) Do 16 % ao 30 % de financiamento acreditado	6 puntos
b) Do 31 % ao 45 % de financiamento acreditado	9 puntos
c) Do 46 % ao 60 % de financiamento acreditado	12 puntos
d) Máis do 60 % de financiamento acreditado	15 puntos
<b>PUNTUACIÓNS SUBXECTIVAS</b>	
D) Calidade do proxecto	Máximo 50 puntos
1. Calidade e interese do proxecto: valorarase o potencial artístico e cultural, a proposta estética e intencións do/da director/a, a contribución á diversidade do panorama audiovisual europeo, a definición do público obxectivo e o deseño da produción. Tamén se terán en conta os historiais profesionais do/da director/a, guionista e demais compoñentes dos equipos técnico e artístico en canto a traballos anteriores realizados, cando a participación no proxecto estea debidamente confirmada.	Máximo 25 puntos, que se outorgarán con motivación en relación cos aspectos citados
2. Guión: valorarase a idea central, a orixinalidade e creatividade do argumento, o valor artístico, a calidade da estrutura narrativa e a adecuación á proposta estética. Teranse en conta tamén os traballos previos en canto a análise, diálogos e demais tarefas propias do desenvolvemento ata a data de presentación da solicitude.	Máximo 15 puntos, que se outorgarán con motivación en relación cos aspectos citados
3. Intencións da produtora en canto ao lanzamento e difusión da obra e potencial desta para a circulación nacional e internacional.	Máximo 10 puntos, con motivación

MODALIDADES C, E2-NON FICCIÓN/DOCUMENTAL: PROXECTOS DE LONGAMETRAXE PARA CINE E TELEVISIÓN	Máximo 130 puntos
<b>PUNTUACIÓNS OBXECTIVAS</b>	
A) Contribución cultural	Máximo 20 puntos
1. Lingua orixinal de rodaxe/gravación (versión orixinal en lingua galega cunha presenza mínima do 50 % no conxunto de diálogos ou narración).	Máximo 10 puntos
a) Do 50 % ao 75 % en galego	6 puntos
b) Máis do 75 % en galego	10 puntos
2. Interese cultural da proposta. Valoraranse os seguintes aspectos: a achega do proxecto ao enriquecemento da cultura audiovisual galega; a súa contribución a salientar o talento creativo e artístico galego; estar baseado nunha obra literaria galega e/ou escrita orixinalmente en lingua galega; que a trama narrativa verse sobre personaxes reais ou de ficción residentes en Galicia ou na Unión Europea; que aborde temas referidos á realidade cultural, social ou política de Galicia ou da Unión Europea; que a acción se desenvolva en Galicia ou na Unión Europea; que contribúa a situar a Galicia como territorio idóneo en canto a localizacións e desenvolvemento de rodaxes, ou que utilice o patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e natural galego ou de calquera outro territorio da Unión Europea.	10 puntos para aqueles proxectos que cumpran 2 dos aspectos mencionados





<b>B) Impulso da cinematografía galega e contribución á promoción do talento galego</b>	<b>Máximo 40 puntos</b>
1. Rodaxe en Galicia. Porcentaxe de rodaxe ou gravación da longametraxe, que se levará a cabo en localizacións, espazos escénicos e estudos cinematográficos de Galicia.	Máximo 10 puntos
– Do 26 % ao 50 % de días de rodaxe no territorio de Galicia	4 puntos
– Do 51 % ao 75 % de días de rodaxe no territorio de Galicia	8 puntos
– Máis do 75 % de días de rodaxe no territorio de Galicia	10 puntos
2. Traballos realizados por empresas auxiliares que desenvolven a súa actividade en Galicia.	Máximo 8 puntos
– Posproducción de imaxe	3 puntos
– Posproducción de son e dobraxe	3 puntos
– Outros (detállense)	2 puntos (1 por cada servizo)
3. Equipo creativo vinculado profesionalmente con Galicia. No caso de que a autoría sexa compartida, aplicaranse a metade dos puntos posibles concedidos. Unha mesma persoa non poderá puntuar por máis de dúas funcións.	16 puntos
– Director/a	4 puntos
– Guionista	2 puntos
– Produtor/a executivo/a	2 puntos
– Director/a de fotografía	2 puntos
– Montador/a	2 puntos
– Son directo	2 puntos
– Outro (detállese)	2 puntos (1 punto por cada membro adicional)
4. Director novel (primeira ou segunda película, obra íntegra).	2 puntos
5. Dirección íntegramente a cargo dunha muller.	2 puntos
6. Porcentaxe de mulleres no equipo creativo (excluída dirección) de máis do 50 %.	2 puntos
<b>C) Viabilidade económica e de realización</b>	<b>Máximo 30 puntos</b>
1. Solvencia técnica da produtora solicitante. Terase en conta o número de obras audiovisuais que cumpran dúas das seguintes condicións: presenza das ditas obras en seccións oficiais a concurso de festivais de cinema nacionais e/ou internacionais de recoñecido prestixio; obtención de premios audiovisuais de ámbito autonómico, nacional ou internacional; distribución e exhibición nacional; vendas internacionais; repercusión en televisións dos ámbitos autonómico, nacional ou internacional. No caso de produtoras coas cantidades económicas definidas relativos á explotación da obra (cesión de dereitos, distribución) e compromisos de investimento privado. Só se valorará unha porcentaxe máxima do 10 % de orzamento subvencionable como achega de fondos propios no caso da modalidade C de documentais cinematográficos. Os contratos achegados para acreditar a viabilidade económica do proxecto deberán ser posteriores ao 31 de decembro de 2019. Se son anteriores admitirase unha actualización ou addenda destes. No caso dos acordos con empresas públicas de comunicación audiovisual, poderá achegarse a resolución oficial de participación ou compra de dereitos se non se dispón do contrato asinado. Só se valorará a porcentaxe indicada na solicitude cando se corresponda coa documentación acreditativa que se achega; no caso de haber discrepancias, a puntuación será 0.	Máximo 10 puntos 2 puntos por cada obra
2. Proxectos que recibiran axudas ao desenvolvemento ou á escrita de guión en anteriores convocatorias da Agadic, sempre que se teña realizado correctamente a entrega da conta xustificativa.	5 puntos
3. Viabilidade económica e coherencia do plan de financiamento con respecto á memoria do proxecto presentada. Porcentaxe de financiamento acreditado mediante documentación xustificativa de: dereitos a recibir axudas ou subvencións, contratos en vigor ou precontratos coas cantidades económicas definidas relativos á explotación da obra (cesión de dereitos, distribución) e compromisos de investimento privado. Só se valorará unha porcentaxe máxima do 10 % de orzamento subvencionable como achega de fondos propios no caso da modalidade C de documentais cinematográficos. Os contratos achegados para acreditar a viabilidade económica do proxecto deberán ser posteriores ao 31 de decembro de 2019. Se son anteriores admitirase unha actualización ou addenda destes. No caso dos acordos con empresas públicas de comunicación audiovisual, poderá achegarse a resolución oficial de participación ou compra de dereitos se non se dispón do contrato asinado. Só se valorará a porcentaxe indicada na solicitude cando se corresponda coa documentación acreditativa que se achega; no caso de haber discrepancias, a puntuación será 0.	Máximo 15 puntos
a) Do 16 % ao 30 % de financiamento acreditado	6 puntos
b) Do 31 % ao 45 % de financiamento acreditado	9 puntos
c) Do 46 % ao 60 % de financiamento acreditado	12 puntos
d) Máis do 60 % de financiamento acreditado	15 puntos



PUNTUACIÓNS SUBXECTIVAS	
A) Calidade do proxecto	Máximo 40 puntos
1. Calidade e interese do proxecto: valorarase o potencial artístico e cultural, a proposta estética e as intencións do/da director/a, a contribución á diversidade do panorama audiovisual europeo, a definición do público obxectivo e o deseño da produción. Tamén se terán en conta os historiais profesionais do/da director/a, guionista e demais compoñentes dos equipos técnico e artístico en canto a traballos anteriores realizados, cando a participación no proxecto estea debidamente confirmada.	Máximo 20 puntos que se outorgarán con motivación e en proporción á concorrencia dos aspectos citados
2. Guión ou escaleta: valorarase a idea central, a orixinalidade e creatividade do argumento, o valor artístico, a calidade da estrutura narrativa e a adecuación á proposta estética. Teranse en conta tamén os traballos previos en canto á análise, diálogos e demais tarefas propias do desenvolvemento ata a data de presentación da solicitude.	Máximo 10 puntos, que se outorgarán con motivación e en proporción á concorrencia dos aspectos citados
3. Intencións da produtora en canto ao lanzamento e difusión da obra e potencial desta para a circulación nacional e internacional.	Máximo 10 puntos, con motivación

MODALIDADES B, E3-ANIMACIÓN: LONGAMETRIXES PARA CINEMA E SERIES PARA TV	Máximo 150 puntos
PUNTUACIÓNS OBXECTIVAS	
A) Contribución cultural	Máximo 20 puntos
1. Lingua orixinal de rodaxe/gravación (versión orixinal en lingua galega cunha presenza mínima do 50 % no conxunto de diálogos ou narración na primeira sonorización da obra).	Máximo 10 puntos
– Do 50 % ao 75 % en galego	6 puntos
– Do 76 % ao 100 % en galego	10 puntos
2. Interese cultural da proposta. Valoraranse os seguintes aspectos: a achega do proxecto ao enriquecemento da cultura audiovisual galega; a súa contribución a salientar o talento creativo e artístico galego; estar baseado nunha obra literaria galega e/ou escrita orixinalmente en lingua galega; que a trama narrativa verse sobre personaxes reais ou de ficción residentes en Galicia ou na Unión Europea; que aborde temas referidos á realidade cultural, social ou política de Galicia ou da Unión Europea; que a acción se desenvolva en Galicia ou na Unión Europea; que contribúa a salientar o potencial de Galicia no eido da animación, ou que utilice imaxes relativas ao patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e natural galego ou de calquera outro territorio da Unión Europea.	10 puntos para aqueles proxectos que cumpran 2 dos aspectos mencionados
B) Contribución ao desenvolvemento do sector da animación galego	Máximo 50 puntos
1. Utilización de estudos principais de animación que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia.	Máximo 20 puntos
– Máis do 50 % de estudos principais	15 puntos
– Máis do 75 % de estudos principais	20 puntos
2. Utilización de estudos auxiliares e de posprodución que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia.	Máximo 6 puntos, 2 puntos por empresa
3. Equipo creativo vinculado profesionalmente con Galicia. No caso de que a autoría sexa compartida, aplicaranse a metade dos puntos posibles concedidos. Non puntuará a participación inferior ao 50 %.	Máximo 18 puntos
– Director/a	4 puntos
– Guionista	3 puntos
– Produtor/a executivo/a	2 puntos
– Deseñador/a de personaxes e fondos	3 puntos
– Compositor/a da BSO	2 puntos
– Montador/a	2 puntos
– Outro/a (detállese)	2 puntos (1 punto por cada membro adicional)
4. Dirección novel (primeira ou segunda película, obra íntegra).	2 puntos



5. Dirección integramente a cargo dunha muller.	2 puntos
6. Porcentaxe de mulleres no equipo creativo (excluíndo dirección) superior ao 50 %.	2 puntos
<b>C) Viabilidade económica e de realización</b>	<b>Máximo 30 puntos</b>
1. Solvencia técnica da produtora solicitante. Terase en conta o número de obras audiovisuais que cumpran dúas das seguintes condicións: presenza das ditas obras en seccións oficiais a concurso de festivais de cinema nacionais e/ou internacionais de recoñecido prestixio; obtención de premios audiovisuais de ámbito autonómico, nacional ou internacional; distribución e exhibición nacional; vendas internacionais; repercusión en televisións dos ámbitos autonómico, nacional ou internacional. No caso de produtoras de recente creación, terase en consideración a experiencia do produtor executivo. No caso de que as obras acreditadas sexan curtametraxes, a puntuación reducirase á metade, contabilizando un máximo de 4 producións.	Máximo 10 puntos, 2 puntos por cada obra
2. Proxectos que recibisen axudas ao desenvolvemento ou á escrita de guión en anteriores convocatorias da Agadic, sempre que se realizase correctamente a entrega da conta xustificativa.	5 puntos
3. Viabilidade económica e coherencia do plan de financiamento con respecto á memoria do proxecto presentada. Porcentaxe de financiamento acreditado mediante documentación xustificativa de: dereitos a recibir axudas ou subvencións, contratos en vigor ou precontratos coas cantidades económicas definidas relativos á explotación da obra (cesión de dereitos, distribución) e compromisos de investimento privado. Os contratos achegados para acreditar a viabilidade económica do proxecto deberán ser posteriores ao 31 de decembro de 2019. Se son anteriores, admitirase unha actualización ou addenda destes. No caso das empresas públicas de comunicación audiovisual, poderá achegarse a resolución oficial de participación ou compra de dereitos se non se dispón do contrato asinado. Só se valorará a porcentaxe indicada na solicitude cando se corresponda coa documentación acreditativa que se achega, en caso de haber discrepancias, a puntuación será 0.	Máximo 15 puntos
– Do 16 % ao 30 % de financiamento acreditado	6 puntos
– Do 31 % ao 45 % de financiamento acreditado	9 puntos
– Do 46 % ao 60 % de financiamento acreditado	12 puntos
– Máis do 60 % de financiamento acreditado	15 puntos
<b>PUNTUACIÓNS SUBXECTIVAS</b>	
<b>D) Calidade do proxecto</b>	<b>Máximo 50 puntos</b>
1. Calidade e interese do proxecto: valorarase o potencial artístico e cultural, a proposta estética e as intencións do/a autor/a, a contribución á diversidade do panorama audiovisual europeo, a definición do público obxectivo e o deseño da produción. Tamén se terán en conta os historiais profesionais do/da director/a, guionista e demais compoñentes dos equipos técnico e artístico en canto a traballos anteriores realizados, cando a participación no proxecto estea debidamente confirmada.	Máximo 25 puntos, que se outorgarán con motivación e en relación cos aspectos citados
2. Guión: valorarase a idea central, a orixinalidade e creatividade do argumento, o valor artístico, a calidade da estrutura narrativa e a adecuación á proposta estética. Teranse en conta tamén os traballos previos en canto á análise, diálogos e demais tarefas propias do desenvolvemento ata a data de presentación da solicitude.	Máximo 15 puntos, que se outorgarán con motivación e en relación cos aspectos citados
3. Intencións da produtora en canto ao lanzamento e difusión da obra e potencial desta para a circulación nacional e internacional.	Máximo 10 puntos, con motivación

<b>MODALIDADE D-CURTAMETRAXES DE FICCIÓN, ANIMACIÓN E DOCUMENTAL</b>	<b>Máximo 75 puntos</b>
<b>PUNTUACIÓNS OBXECTIVAS</b>	
<b>A) Contribución cultural</b>	<b>Máximo 15 puntos</b>
1. Lingua orixinal de rodaxe/gravación (versión orixinal en lingua galega cunha presenza mínima do 50 % no conxunto de diálogos ou narración).	5 puntos
2. Interese cultural da proposta. Valoraranse os seguintes aspectos: a achega do proxecto ao enriquecemento da cultura audiovisual galega; a súa contribución a salientar o talento creativo e artístico galego; estar baseado nunha obra literaria galega e/ou escrita orixinalmente en lingua galega; que a trama narrativa verse sobre personaxes reais ou de ficción residentes en Galicia ou na Unión Europea; que aborde temas referidos á realidade cultural, social ou política de Galicia ou da Unión Europea; que a acción se desenvolva en Galicia ou na Unión Europea; que contribúa a situar a Galicia como territorio idóneo en canto a localizacións e desenvolvemento de rodaxes, ou que utilice o patrimonio arquitectónico, arqueolóxico e natural galego ou de calquera outro territorio da Unión Europea.	10 puntos para aqueles proxectos que cumpran 2 dos aspectos mencionados



B) Impulso da cinematografía galega e do seu sector audiovisual	Máximo 25 puntos
1. Rodaxe en Galicia e/ou utilización de estudos galegos: – Máis do 50 % de rodaxe en Galicia (ficción, documental) – Máis do 50 % de utilización de estudos galegos (animación) – Máis do 50 % de utilización de estudos de posproducción	5 puntos para aqueles proxectos que cumpran un dos aspectos mencionados
2. Equipo creativo vinculado profesionalmente con Galicia. No caso de que a autoría sexa compartida, aplicarase a metade dos puntos posibles concedidos. Unha mesma persoa non poderá puntuar por máis de dúas funcións.	Máximo 14 puntos
– Director/a	5 puntos
– Guionista	4 puntos
– Deseñador/a de personaxes e fondos (animación)	2 puntos
– Compositor/a da BSO	1 punto
– Director/a de fotografía	1 punto
– Montador	1 punto
3. Dirección integramente a cargo dunha muller.	3 puntos
4). Porcentaxe de mulleres no equipo creativo (excluíndo dirección) superior ao 50 %.	3 puntos
C) Viabilidade	Máximo 5 puntos
Máis do 20 % de financiamento acreditado	5 puntos
<b>PUNTUACIÓNS SUBXECTIVAS</b>	
D) Calidade do proxecto	Máximo 30 puntos
1. Calidade e interese da proposta. Valoraranse a idea central, a orixinalidade e a creatividade do proxecto.	Máximo 15 puntos, que se outorgarán motivadamente e en proporción á concorrencia dos aspectos citados
2. Grao de elaboración e desenvolvemento do proxecto.	Ata 5 puntos, con motivación
3. Coherencia entre o orzamento e o proxecto.	Ata 5 puntos, con motivación
4. Potencial de circulación nacional e internacional da obra audiovisual.	Ata 5 puntos, con motivación

2. Establécense as seguintes puntuacións mínimas para cada un dos bloques de puntuación, segundo as distintas modalidades de subvención:

	A. Contribución cultural	B. Impulso da cinematografía e promoción do talento galego	C. Viabilidade económica e de realización	D. Calidade do proxecto
Modalidade A1	10	25	10	25
Modalidades A2/E1	10	25	15	25
Modalidades C/E2	10	15	10	20
Modalidades B/E3	10	25	15	25
Modalidade D	10	10		15



**Décimo terceira. Resolución e notificación da convocatoria**

1. Unha vez cumprido o disposto nas bases anteriores, o órgano instrutor, á vista do expediente, da documentación requirida e do informe da comisión avaliadora, ditará a proposta de resolución, con indicación do número de solicitudes subvencionadas e do importe económico da subvención correspondente a cada unha delas, que elevará á Presidencia da Agadic.

2. A Presidencia do Consello Reitor da Agadic, por delegación do Consello Reitor (disposición adicional do Acordo de data 24 de xullo do 2012 (DOG número 164)), deberá ditar resolución expresa, no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución. A citada resolución deberase ditar e notificar no prazo máximo de cinco meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria pública, será motivada e fará mención expresa dos beneficiarios, da contía da axuda e dunha desestimación xeneralizada do resto dos proxectos solicitantes.

3. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notifique a resolución posibilitará que o interesado poidan entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

4. A resolución da convocatoria porá fin á vía administrativa e contra ela poderán interporse os seguintes recursos, se prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da publicación da resolución, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

**Décimo cuarta. Notificacións**

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. Unha vez notificada a resolución, os beneficiarios comunicarán á Agadic a aceptación por escrito da subvención concedida no prazo máximo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión. Transcorrido este prazo sen comunicarse esta aceptación ou sen producirse manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada.

Ademais, a entidade beneficiaria poderá remitir á Agadic o orzamento adaptado á subvención concedida (só no suposto de que a subvención recibida sexa inferior á solicitada e como máximo, pola diferenza entre ambas as cantidades, a recibida e a solicitada). A dita documentación deberase remitir no prazo máximo de 10 días, contados desde a notificación da resolución de concesión

#### Décimo quinta. *Gastos subvencionables*

1. De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable res-



pondan á realización do proxecto. Só se admitirán aqueles gastos que fosen realizados dentro do período comprendido entre a data da presentación da solicitude e a fin da data de xustificación establecida na presente convocatoria.

Considéranse gastos subvencionables os efectuados pola empresa produtora ata a consecución da copia estándar ou máster dixital, mais os derivados de determinados conceptos básicos para a súa realización e promoción idónea, nos termos e cos límites establecidos nas letras seguintes:

a) A remuneración do produtor executivo ata o límite do 5 por cen do importe subvencionable sinalado no proxecto presentado. Ademais, só se recoñecerá como custo a produción executiva realizada por persoas físicas ou por persoas xurídicas cuxo obxecto social inclúa especificamente, sen prexuízo de outros, o de produción executiva.

Cando exista unha relación mercantil entre a empresa produtora e o produtor executivo, deberá xuntarse o contrato coa correspondente factura e cando a relación sexa laboral, deberá achegarse, xunto co contrato, a nómina correspondente, con expresa indicación do réxime xeral da Seguridade Social.

Cando o obxecto do contrato do produtor executivo e/ou doutros traballadores sexa xenerico para diversas películas que leve a cabo a empresa produtora, ratearase o seu custo en función da súa participación efectiva en cada unha delas.

Cando o persoal do cadro da empresa produtora realice funcións de produtor executivo sen un contrato específico, a súa remuneración imputarase ao capítulo de gastos xerais coas mesmas condicións de rateo.

b) Os xuros financeiros e gastos de negociación que xeren os préstamos formalizados con entidades financeiras ou de crédito para o financiamento específica da película.

Así mesmo, os xuros e gastos de formalización derivados de préstamos formalizados con intervención de fedatario público, con persoas físicas ou xurídicas non vinculadas coa empresa produtora, sempre que os ditos gastos queden suficientemente acreditados, e que os ditos intereses non superen en máis de dous puntos o índice de referencia do prezo oficial do diñeiro. No caso de que os intereses superen o dito límite, só serán admitidos os que non excedan a dita contía.





En todo caso, o límite dos xuros financeiros e gastos de negociación dos préstamos recoñecibles como custo subvencionable será do 20 por cen do custo subvencionable presentado co proxecto.

Considerarase que existe vinculación nos supostos establecidos no artigo 68.2 do regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

c) O importe dos gastos xerais, ata o límite do 7 por cen do gasto subvencionable presentado no proxecto.

Deberá imputarse ao capítulo de gastos xerais o gasto relativo ao persoal do cadro da produtora que non teña contrato laboral específico para a película obxecto da subvención. O gasto do persoal de cadro que teña subscrito un contrato laboral específico, conforme a categoría laboral asignada, para a súa participación en varias películas que realice a produtora ratearase en función da súa participación efectiva en cada unha delas, e imputarase ao capítulo de persoal técnico.

Os gastos de locomoción, viaxes e hoteis fóra das datas de inicio e fin da rodaxe imputaranse ao capítulo de gastos xerais, salvo que se trate de gastos de localizacións, gastos de desenvolvemento de proxectos realizados dentro dos 6 meses anteriores á data de inicio da rodaxe e gastos de posproducción realizados ata a data máxima de xustificación da subvención, os cales se imputarán ao seu propio capítulo.

d) Os gastos de publicidade e promoción da película, facturados á empresa produtora, ata o límite do 40 por cento do custo subvencionable presentado no proxecto, e sempre que non fosen obxecto de subvención para a empresa distribuidora da película. No caso de que os ditos gastos fosen só parcialmente subvencionados, poderán recoñecerse como subvencionables aqueles outros que non fosen obxecto de axuda.

e) Os gastos de adaptación das películas, unha vez terminadas, a soportes ou sistemas necesarios para a súa exhibición ou explotación cinematográfica.

f) Os gastos de dobraxe e/u subtítulo e/ou tradución a calquera lingua oficial española, así como o gasto de tradución a unha lingua non oficial en España. Ademais, no caso de coproducións con empresas estranxeiras, admitirase o gasto de tradución á lingua do país ou países coprodutores.



g) O gasto de realización dos soportes materiais necesarios para garantir a preservación da película, incluído o gasto da copia necesaria para o cumprimento da obriga que incumbe aos beneficiarios das axudas á produción. Así mesmo, os gastos para a obtención das copias e outros soportes, sempre que estean destinados á exhibición en salas e que non fosen obxecto de subvención para a empresa distribuidora da película.

h) Os gastos do informe especial emitido por un auditor de contas, cando sexa este medio o empregado para xustificar a película.

i) Os gastos correspondentes a auga e electricidade producidos en locais ou instalacións directamente vinculados coa rodaxe, dentro deste período, e sempre que a dita vinculación se xustifique mediante a achega dos correspondentes contratos.

Cando os ditos gastos se produzan no domicilio social principal da produtora, imputaranse ao capítulo de gastos xerais.

Os gastos de telefonía producidos dentro do período de rodaxe, así como os correspondentes a unha única liña telefónica móbil realizados entre os 3 meses anteriores ao inicio da rodaxe e os 3 meses posteriores á fin desta, no caso de longametraxes, e entre o mes anterior ao inicio e o mes posterior á fin da rodaxe, no caso de curtametraxes.

j) Os gastos de comidas realizados exclusivamente dentro das datas de inicio e fin da rodaxe.

k) Os gastos de posprodución realizados antes da solicitude de cualificación da película e facturados ata un mes despois da data de cualificación. Para estes efectos, entenderase por tales a montaxe, efectos visuais, música, produción e creación de imaxes sintéticas, posprodución de son, laboratorio, negativo en posprodución e títulos de crédito, así como os gastos de persoal sempre que se acredite a súa vinculación a estes procesos.

A vinculación dos citados gastos coa película acreditarase indicando o título desta na factura.

l) Os gastos relativos a escenografía e decoración facturados ata un mes despois da data de finalización da rodaxe, sempre que sexan gastos vinculados a ela, o que se acreditará mediante a descrición detallada do concepto e mención do título da película na factura correspondente.



m) Aos gastos de viaxes e desprazamentos utilizando vehículo particular aplicarase a contía establecida para a indemnización deste tipo de gastos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razón de servizos ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, ou normativa que o substitúa.

n) A utilización dos equipamentos e do material técnico propiedade da empresa produtora, sempre que se utilizasen para a realización da película e unicamente pola parte proporcional do tempo utilizado nela na cantidade correspondente ao dobre da que en concepto de amortización quede reflectida na contabilidade da empresa, de acordo coa normativa contable que resulte de aplicación.

2. De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, non serán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda, os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais, nin os gastos de procedementos xudiciais. En concreto, non serán computados como gasto subvencionable:

a) O importe do imposto sobre o valor engadido e outros impostos de carácter recuperable.

b) Os gastos suntuarios, as gratificacións, as previsións de gastos, excepto os xuros dos préstamos, as valoracións e as capitalizacións.

c) Os gastos superiores a 40.000 euros, no caso de longametraxes, e superiores a 2.000 euros, no caso de curtametraxes, facturados por cada empresa vinculada á empresa produtora.

Os gastos iguais ou inferiores aos ditos importes facturados por empresas vinculadas serán computados como custo sempre que se realicen de acordo coas condicións normais de mercado, o que se xustificará mediante a presentación de tres ofertas, salvo que polas especiais características do gasto non exista no mercado suficiente número de entidades que presten o servizo ou subministren o ben de que se trate. En todo caso, a facturación por parte das empresas vinculadas só será computado como gasto subvencionable logo de autorización da Agadic.

Non se poderán fraccionar os gastos correspondentes a unha mesma prestación ou servizo en diferentes facturas, nin realizarse sucesivos contratos con obxectos similares coa finalidade de diminuír a súa contía e eludir o cumprimento do establecido nesta letra.



Considerarase que existe vinculación nos supostos previstos no artigo 43.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para os efectos do establecido nesta letra, o informe de auditoría que presente a empresa produtora da película xunto coa solicitude de pagamento deberá incluír unha relación detallada de todas as empresas vinculadas a ela.

d) A facturación realizada entre as empresas coprodutoras da película, salvo o disposto no punto seguinte para as coproducións con empresas estranxeiras.

3. Nas películas realizadas en réxime de coprodución con empresas estranxeiras, só se entenderá por importe subvencionable o importe da participación española, de acordo co disposto no artigo 14 do Real decreto 1084/2015, do 4 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.

Non obstante, admitirase a facturación realizada pola empresa coprodutora estranxeira correspondente a gastos que fosen facturados por empresas establecidas no seu país que non estean vinculadas á empresa produtora española e sempre que tampouco exista vinculación entre a empresa coprodutora española e a estranxeira.

A contribución económica da produtora española nunha coprodución, a que fai referencia o mencionado artigo 14 do citado Real decreto 1084/2015, do 4 de decembro, xustificárase mediante a documentación acreditativa da transferencia bancaria ou calquera outro sistema de pagamento internacional legalmente recoñecido, efectuada a favor da empresa coprodutora estranxeira, a recepción pola súa parte e unha certificación desta comprensiva dos conceptos en que foi aplicada, xunto coas facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil. En ningún caso poderá aplicarse esta contribución económica a pagamentos de persoal de nacionalidade do país coprodutor.

4. Só serán computados para os efectos de xustificación os gastos que fosen efectivamente pagados no momento da xustificación do gasto e así se acredite documentalmente, mediante facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil, que teñan como destinataria a empresa produtora e cuxo expedidor quede identificado nelas, así como mediante nóminas que estean emitidas pola empresa produtora. As facturas e documentos xustificativos similares serán expedidos conforme o disposto na normativa reguladora das obrigas de facturación que resulte aplicable. En todos os supostos deberán presentarse facturas ou documentos xustificativos orixinais, acompañados da documentación acreditativa do pagamento.



5. De acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con outros produtores a execución total ou parcial da actividade subvencionable. Para determinar a existencia de subcontratación, atenderase ao obxecto social do produtor con quen se pretenda contratar a actividade.

Non se considera subcontratación a contratación de calquera actividade ou servizos de produción con profesionais ou empresas en cuxo obxecto social non se inclúa a produción cinematográfica.

No caso de producións de imaxe real, admitirase a subcontratación de actividades e servizos con produtores co límite máximo do 40 por cento do custo subvencionable da película, sempre que as actividades e servizos sexan subcontratadas con máis dunha empresa e sen que, en ningún caso, poidan incluírse facturas relativas a gastos de persoal.

Non se admitirá a subcontratación de persoal, excepto dos equipos de figuración e especialistas.

Non obstante, no caso de producións de imaxe real integramente españolas rodadas no estranxeiro por exixencias acreditadas do guión, admitirase a subcontratación de actores, outros artistas e de persoal técnico do país de rodaxe, co límite máximo do 25 por cento do total do persoal integrante da película, e sempre que co persoal restante se manteña o cumprimento dos requisitos de nacionalidade dela exixidos polo artigo 5 da Lei 55/2007, do cinema.

Adicionalmente, cando se trate de producións de imaxe real integramente españolas ou de coproducións internacionais coa participación española superior ao 70 por cento, admitirase a subcontratación de servizos de produción en países extracomunitarios que non formen parte da coprodución internacional, co límite máximo do 20 por cento do custo subvencionable da participación española na película.

No caso de producións de animación, admitirase a subcontratación de actividades e servizos con produtores co límite máximo do 50 % por cento do total subvencionable .

Adicionalmente, admitirase a subcontratación de persoal, co límite do 20 por cento, cando, por necesidades técnicas debidamente xustificadas, os procesos se realicen no estranxeiro.



**Décimo sexta. *Pagamento e xustificación***

1. O pagamento das axudas farase efectivo a partir da data da resolución definitiva de concesión e realizarase sempre e cando se acredite que a actividade foi executada de acordo co proxecto presentado e se xustifique correctamente o seu emprego e o cumprimento das obrigas establecidas na presente resolución, todo isto sen prexuízo do réxime de pagamentos anticipados.

2. Nos proxectos subvencionados na modalidade D: curtametraxes, consonte as previsións estipuladas no artigo 31.6 da Lei de subvencións de Galicia, e 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderá aboar como pagamento anticipado, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación como financiamento necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención a anualidade 2021, tras resolución motivada de concesión, sempre que se solicite como máximo antes do 15 de novembro de 2021, e logo da presentación da seguinte documentación:

- Declaración responsable do inicio dos traballos e do estado de situación do proxecto.
- Declaración de axudas públicas que figura no anexo II.

En canto á anualidade 2022, poderá pagarse un anticipo que, sumado á anualidade de 2021, non supere o 50 % da subvención, tras resolución motivada de concesión, unha vez solicitada e enviada a seguinte documentación:

- Memoria do estado de situación do proxecto.
- Declaración de axudas públicas que figura no anexo II.

3. No resto dos proxectos subvencionados, o réxime de pagamentos anticipados será o seguinte:

a) En calquera das anualidades poderanse solicitar anticipos que non superen no seu conxunto os 18.000 euros, sen necesidade de constituír garantía, achegando unha solicitude e unha declaración de axudas públicas que figura no anexo II.

b) Nos supostos en que os pagamentos anticipados superen a contía de 18.000, quedarán eximidos da constitución de garantía sempre que acheguen a seguinte documentación, e nos prazos establecidos, en cada unha das anualidades:



– Poderá pagarse a anualidade 2021 a partir do momento da concesión, tras resolución motivada de concesión, sempre que se solicite como máximo ata o 15 de setembro de 2021 e logo da presentación da seguinte documentación:

– Declaración responsable do inicio dos traballos e do estado de execución dos proxectos.

– Declaración de axudas públicas que figura no anexo II.

Poderá pagarse a totalidade da anualidade 2022, como pagamento anticipado sen xustificación, de conformidade co establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, tras resolución motivada de concesión, sempre que a solicitude se presente entre o día 1 de xaneiro de 2022 e o 15 de setembro de 2022 e se xunte a documentación que se relaciona:

1. Memoria da execución orzamentaria do proxecto, pagamentos efectuados e calendario de pagamentos pendentes.

2. Contratos definitivos subscritos con: produtor executivo, guionista e director.

3. Acreditación de que o proxecto dispón de como mínimo o 40 % do financiamento total mediante a presentación de:

– Declaración de axudas públicas que figura no anexo II.

– Certificación bancaria sobre a existencia e titularidade dos fondos propios consignados polo beneficiario no plan de financiamento.

– Contratos en firme de coprodución, se é o caso.

– De ser o caso, contratos en firme de adquisición de dereitos de explotación da obra con empresas prestadoras de servizos de comunicación audiovisual, axencias de vendas internacionais e/ou distribuidoras. Os contratos con axencias de vendas e/ou distribuidoras deberán acompañarse dun historial cos títulos comercializados e distribuídos polas empresas contratantes nos últimos tres anos.

– Documentación xustificativa (contratos ou documentos válidos no tráfico mercantil) que acredite outras vías de financiamento de que deriven ingresos destinados a cubrir os custos de produción.





Poderá pagarse a totalidade da anualidade 2023, como pagamento anticipado sen xustificación, de conformidade co establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, tras resolución motivada de concesión, sempre que a solicitude se presente entre o día 1 de xaneiro de 2023 e o 15 de setembro de 2023 e se xunte a documentación que se relaciona:

1. Memoria da execución orzamentaria do proxecto, pagamentos efectuados e calendario de pagamentos pendentes.

2. Contratos definitivos subscritos cos responsables da produción executiva, guión e dirección, se non fosen achegados con anterioridade, e contratos definitivos asinados cos xefes de equipo e os actores protagonistas.

3. Acreditación de que o proxecto dispón de como mínimo o 70 % do financiamento total mediante a presentación de:

- Declaración de axudas públicas que figura no anexo II.
- Certificación bancaria sobre a existencia e titularidade dos fondos propios consignados polo beneficiario no plan de financiamento.
- Contratos en firme de coprodución, se é o caso.
- De ser o caso, contratos en firme de adquisición de dereitos de explotación da obra con empresas prestadoras de servizos de comunicación audiovisual, axencias de vendas internacionais e/ou distribuidoras. Os contratos con axencias de vendas e/ou distribuidoras deberán acompañarse dun historial cos títulos comercializados e distribuídos polas empresas contratantes nos últimos tres anos.
- Documentación xustificativa (contratos ou documentos válidos no tráfico mercantil) que acredite outras vías de financiamento de que deriven ingresos destinados a cubrir os custos de produción.

Aqueles beneficiarios que soliciten pagamentos anticipados que excedan a contía de 18.000 euros e non envíen a documentación citada deberán constituír unha garantía, mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que deberá cubrir o 110 % do importe do anticipo, e deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación. Quedan exonerados da constitución de garantía os bene-



ficiarios e nos casos establecidos no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Os importes dos anticipos que se concedan en cada anualidade deben xustificarse con gastos realizados e pagados na anualidade correspondente,

5. O pagamento final da subvención procederá unha vez cumpridas as obrigas establecidas na presente resolución, e xustificada de conformidade cos artigos seguintes, sempre a partir do 1 de xaneiro de 2024. A xustificación incompleta ou insuficiente dará lugar á redución do pagamento nas porcentaxes incumpridas.

6. O prazo de xustificación da subvención rematará o 15 de setembro de 2022 para a modalidade de curtametraxes (modalidade D) e o 15 de xuño de 2024 para o resto das modalidades. Transcorrido este prazo sen que se presente a xustificación ante a Agadic, requirirase o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de xustificación neste prazo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

7. Non se poderá realizar en ningún caso o pagamento da subvención outorgada en canto o beneficiario non figure ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha outra débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega; a Agadic está autorizada para proceder á comprobación e conseguinte verificación destes datos.

8. Sen prexuízo das obrigas dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das subvencións quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos. As producións subvencionadas deberán axustarse fielmente ao proxecto presentado. Calquera alteración relevante do proxecto deberá ser autorizada pola Axencia Galega das Industrias Culturais e non poderá afectar aspectos avaliados pola Comisión.

9. Será requisito necesario para o pagamento da subvención outorgada a entrega dunha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos (anexo II). No suposto de que as subvencións recibidas para o proxecto ou o beneficiario excedan os límites fixados na presente convocatoria, os pagamentos reduciranse polo exceso.



Décimo sétima. *Conta xustificativa*

1. A conta xustificativa deberá incluír declaración das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos producidos. Deberase acreditar, así mesmo, na conta xustificativa o cumprimento de todas as obrigas da base décimo sétima.

2. Con carácter xeral, deberase acreditar o custo final mediante unha conta xustificativa acompañada dun informe de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas. O auditor de contas levará a cabo a revisión do grao de gasto correspondente a traballos efectuados por persoas físicas ou xurídicas domiciliadas ou con sede permanente en Galicia, así como a revisión do gasto subvencionable, de acordo co establecido nas presentes bases, e de acordo coas normas de procedemento previstas na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, unha vez estudados os rexistros contables da empresa produtora debidamente dilixenciados.

O dito informe deberá conter a descrición do alcance do traballo realizado, referencia aos procedementos efectuados ou descrición destes nun anexo, conclusión do auditor en que indique que o estado de custos da película se preparou segundo o establecido nesta resolución, nome do auditor, sinatura e data. No caso de que o alcance do traballo se realice por mostraxe, a porcentaxe analizada non poderá ser inferior ao 85 %, sen prexuízo de que se analizará o 100 % dos gastos de persoal.

Sen prexuízo do anterior, a Agadic, no exercicio das súas facultades de comprobación, e dentro do período que ten a Administración para recoñecer ou liquidar un reintegro de subvencións para cuxa concesión se tivo en conta o custo, poderá solicitar a documentación xustificativa ou incluso unha nova auditoría que deberá efectuar un auditor designado pola Agadic e ao seu cargo. En todo caso, a xustificación inferior ao orzamento tido en conta para a concesión dará lugar á perda do dereito de cobramento da porcentaxe non xustificada.

3. Na realización do informe de auditoría deberá facerse indicación específica das seguintes cuestións:

a) No que se refire aos custos de persoal, a análise dos conceptos deberá comprender a totalidade dos gastos que deban ser cubertos de conformidade coa lexislación vixente, comprobando, en especial:



1º. Contratos laborais formalizados pola empresa produtora cos autores, actores e outros artistas, persoal creativo e demais persoal técnico en que se reflectan os salarios, así como os documentos onde consten as horas extraordinarias e outros conceptos retributivos salariais e extrasalariais, de conformidade coa normativa laboral aplicable, e a retribución que, de ser o caso, correspondese, así como as nóminas referentes aos ditos contratos e os documentos acreditativos da identidade das persoas a que se refiren. As axudas de custo unicamente se recoñecerán como custo de persoal cando sexan incluídas na nómina.

2º. Contratos mercantís formalizados entre a empresa produtora e o persoal autónomo, incluíndo, de ser o caso, o produtor executivo, ou aqueles en os que se fundamente a participación na película de autores, actores ou outros artistas, así como as facturas relativas a tales contratos.

3º. Contratos relativos á adquisición dos dereitos que sexan necesarios para a realización da película, así como as facturas relativas aos ditos contratos.

b) Situación relativa ao pagamento de todas as partidas que compoñen o custo subvencionable, con indicación expresa de que os custos que se consideran subvencionables foron efectivamente pagados pola/s empresa/s produtora aos acredores.

c) Situación relativa á presentación da declaración das facturas ante a Facenda pública, nos casos en que así o exixa a súa normativa específica.

d) Coincidencias ou contradicións entre as bases declaradas en materia de impostos e Seguridade Social e as rexistradas contablemente.

e) Liquidación e pagamento de tributos devindicados durante o tempo de rodaxe, detallando o importe bruto das cantidades derivadas dos contratos sobre as cales non se practicaron retencións, así como o motivo de tales circunstancias.

f) Situación relativa ás pólizas de préstamo para a realización da película, con indicación de se os xuros corresponden ao tipo pactado e ao período de vixencia da póliza. Así mesmo, cumprimento dos requisitos establecidos para os préstamos formalizados con persoas físicas ou xurídicas distintas das anteriores.

g) Indicación das subvencións percibidas e das achegas realizadas por calquera Administración, entidade ou empresa de titularidade pública, así como das efectuadas en



concepto de coprodutor ou de produtor asociado, ou a través de calquera outra achega financeira, por sociedades prestadoras de servizo de radiodifusión ou emisión televisiva, para o proxecto subvencionado, con indicación expresa do cumprimento dos límites máximos de subvencións.

h) Indicación das partidas facturadas mediante subcontratación por empresas alleas ou vinculadas á empresa produtora da película, con especificación do cumprimento dos requisitos sinalados na base anterior, así como a relación de empresas subcontratistas.

i) Especificación do cumprimento do sinalado na base 16.2, en relación coas partidas non subvencionables.

4. Nos casos en que o beneficiario estea obrigado a auditar as súas contas anuais por un auditor sometido á Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, a revisión da conta xustificativa levaraa a cabo o mesmo auditor. Noutro caso, a designación de auditor será realizada polo beneficiario. O beneficiario estará obrigado a pór á disposición do auditor de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan exixibles en aplicación do disposto na letra f do artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, así como a conservarlos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

5. No suposto de que o proxecto o realicen varias empresas coprodutoras, o informe de auditoría abranguerá os custos subvencionables da totalidade do proxecto, con excepción do custo das empresas coprodutoras estranxeiras.

6. Ademais do informe de auditoría, o beneficiario entregará:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica abreviada, xustificativa do custo das actividades realizadas, que incluíra unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue conforme un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia.



d) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.

7. O beneficiario deberá xustificar o gasto dun mínimo do 120 % do importe da axuda recibida no pagamento de bens ou servizos prestados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sen que se exixa un nivel superior ao 70 % do gasto subvencionable da produción.

8. No caso das longametraxes cinematográficas de ficción, animación e documentais (A1, A2, B e C), o beneficiario deberá xustificar o gasto dun mínimo do 15 % da subvención concedida nos conceptos correspondentes a copias, explotación e subtítulo. O incumprimento do presente requisito suporá a redución da mesma porcentaxe de subvención non xustificada.

9. No caso das curtametraxes (modalidade D) e dos documentais (modalidades C e E2), os beneficiarios poderán optar entre a xustificación establecida nos puntos anteriores ou unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Relación numerada e ordenada por capítulos de gastos da actividade, por anualidades, que inclúan o número de documento, identificación do acredor, o importe e a data de emisión, a data de pagamento, a suma parcial (folla por folla) e a suma do total da relación de gastos, excluído o IVE. Deberán indicarse as desviacións producidas sobre o orzamento presentado.

b) Facturas ou documentos (de acordo co establecido no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación (BOE núm. 289, do 1 de decembro de 2012.)) orixinais ou compulsados, de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa, e documentos xustificativos do seu pagamento, orixinais ou compulsados, incorporados na mesma orde que na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior. Non se terán



en conta os pagamentos en efectivo. En concreto, entregárase como mínimo a seguinte documentación:

1. Os contratos laborais, mercantís e relativos á adquisición de dereitos, e o resto da documentación a que se refire a base décimo sétima 3.a).

2. Xustificantes do ingreso na Facenda pública das cantidades retidas á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes aos contratos formalizados, de acordo coas porcentaxes de retención legalmente establecidos, así como, de ser o caso, os xustificantes do pagamento das cotas da Seguridade Social correspondentes aos ditos contratos.

3. Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa e, de ser o caso, contratos, que acrediten os custos de servizos, subministracións e calquera outra prestación que non sexa de persoal contratado directamente pola empresa produtora, así como o xustificante de efectuar a declaración das facturas ante a Facenda pública nos casos en que así o exixa a súa normativa específica.

4. Billetes, facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, xustificativos dos gastos de viaxes e desprazamentos.

5. Contrato específico suscrito entre a empresa produtora e o produtor executivo, así como a nómina referente ao dito contrato e documento acreditativo da identidade da persoa a que se refire. No caso de existir contrato mercantil, achegarase o contrato e a factura correspondente.

6. Relación dos gastos facturados mediante subcontratación, identificación dos contratistas, situación de vinculación ou non coa empresa produtora da película e declaracións responsables de cada un deles respecto de non incorrer en ningunha das causas de prohibición para subcontratar que establece o artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia.

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia.

d) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.





e) De ser o caso, a carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

10. Así mesmo, antes de cada un dos pagamentos, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas para un mesmo proxecto, tanto das aprobadas como das pendentes de resolución, das diferentes administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, de acordo coa resolución do Consello de Contas do 30 de novembro de 1999, na cal se establece o mecanismo de seguimento e control de concorrencia e acumulación de axudas públicas (anexo II).

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

Décimo oitava. *Obrigas dos beneficiarios*

O beneficiario deberá cumprir as seguintes obrigas:

1. Os beneficiarios deberán comunicar á Agadic as datas de inicio e finalización da rodaxe ou gravación da produción subvencionada, que deberán estar comprendidas dentro do período subvencionable, así como a da súa estrea.

2. As empresas produtoras estarán obrigadas a incorporar á produción un mínimo de tres alumnos ou graduados nos tres últimos anos en centros de estudos audiovisuais, regrados ou universitarios, en réxime de prácticas ou contratados laboralmente nas áreas da produción audiovisual: dirección, son, fotografía, produción, posprodución ou dirección artística, salvo nos equipos de produción de documentais (modalidades C e E2), que estarán obrigados a incorporar un mínimo dun alumno, e nas curtametraxes (modalidade D), nos cales non será exixible. Deberá remitirse copia da documentación acreditativa dos contratos ou das prácticas coa xustificación da subvención.

3. Nos títulos de crédito iniciais da produción deberá figurar en cartón único: «Coa subvención da Axencia Galega das Industrias Culturais, Xunta de Galicia», utilizando as súa



marcas principais (<http://www.agadic.gal/identidade>; <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-principal>). Así mesmo, farase constar en todos os materiais de promoción, distribución e publicidade da obra (carteis, músicas, portadas ou outros materiais) que a produción foi subvencionada pola Xunta de Galicia, utilizando igualmente a marca principal.

4. Facer constar na súa publicidade, incluída a realizada a través de páxinas web, ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o financiamento dos seus proxectos pola Xunta de Galicia. Os custos correspondentes á dita publicidade serán por conta do beneficiario da subvención.

5. Entregar na Agadic o seguinte material xustificativo:

5.1. Unha copia do guión no caso das longametraxes e curtas, ou guións no caso de miniserries e series, definitivos da obra audiovisual.

5.2. Unha copia en perfecto estado na versión orixinal da obra audiovisual, xunto cunha copia en versión galega no caso de que esta non sexa a lingua de rodaxe orixinal. Se a película ten orixe fotoquímica, a copia será en 35 mm ou 16 mm, segundo corresponda. Se a película está gravada en dixital, achegarase unha copia no soporte de máis alta calidade, preferiblemente DCP, que cumpra a normativa DCI e non teña KDM (é dicir, en aberto).

A copia depositada en cumprimento desta obriga non poderá ser retirada nin transferida para o depósito noutras institucións para o cumprimento doutras obrigacións de depósito que aquelas puideren impor.

5.3. Un arquivo dixital (Codec h264 ou compatible, que se poida visionar nun ordenador), xunto coa documentación xustificativa da subvención.

Para os efectos de comprobación do resultado final, o Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI), unidade adscrita á Agadic como «filmoteca oficialmente recoñecida pola Xunta de Galicia como arquivo fílmico que exerce as funcións de recuperación, investigación e conservación do patrimonio cinematográfico correspondente», revisará se todas estas entregas corresponden á versión íntegra, orixinal e definitiva das producións. O CGAI emitirá un certificado que acredite o establecido na presente base.

Así mesmo, cando a Agadic o solicite, os beneficiarios estarán obrigados a facilitarlle copias da documentación empregada para a realización, promoción e difusión da obra



(carteis, fotografías, músicas, portadas, avances (*trailers*) e outros materiais) para actividades de promoción do audiovisual galego.

6. Someterse ás actuacións de comprobación, control e inspección que efectúe o órgano concedente e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou a outros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, e conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control e de conformidade co procedemento recollido nos artigos 23 e concordantes da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Décimo novena. *Modificación da resolución*

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais ten a facultade de revisar as axudas concedidas e modificar a resolución de concesión no caso de alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

2. O beneficiario ten a obriga de solicitar á Agadic a aceptación de calquera modificación ou alteración relevante ou significativa sobre o proxecto subvencionado. Para que tales modificacións poidan ser tidas en conta na xustificación, deberán ser previamente aceptadas pola Agadic. As alteracións non autorizadas ou non solicitadas poderán dar lugar á minoración da subvención concedida ou á súa revogación.

3. Non se aceptarán modificacións que afecten os requisitos para poder optar ás subvencións exixidos na presente resolución.

4. En canto ao resto das modificacións solicitadas, a Agadic poderá acordar, motivadamente, a modificación da resolución de concesión, coa minoración proporcional derivada das alteracións.

A distribución de anualidades adxudicadas poderá modificarse, logo de solicitude do beneficiario en que motive suficientemente a alteración, atendendo ás dispoñibilidades orzamentarias, e mediante resolución motivada do director da Agadic. A modificación da repartición entre anualidades exixirá a tramitación da correspondente modificación do ex-



pediente de gasto, de acordo co establecido no artigo 35 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Vixésima. *Reintegro*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e termos establecidos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como polo título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en particular polo incumprimento de calquera dos requisitos e obrigas estipulados nesta convocatoria pública.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Vixésimo primeira. *Réxime de recursos*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interperse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da publicación da resolución, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2020

Román Rodríguez González  
Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais






**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA,  
 EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**ANEXO I**  
 (continuación)

**DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA (continuación)**
**MODALIDADES**

- Modalidade A: producións e coproducións de longametraxes cinematográficas de ficción:**
- A.1. Longametraxes de autoría galega que contribúan a salientar a diversidade cinematográfica de Galicia e os recursos creativos, artísticos e técnicos do audiovisual galego con clara intención de difusión nacional e internacional
  - A.2. Longametraxes cun especial valor cinematográfico, cultural e social, que contribúan a fomentar o tecido industrial do sector audiovisual galego, posúan alta viabilidade na súa execución e teñan vocación de distribución e comercialización nacional e internacional
- Modalidade B: producións e coproducións de longametraxes cinematográficas de animación** que posúan un especial valor cultural e social, fomenten o tecido industrial do sector audiovisual galego e teñan vocación de difusión e comercialización nacional e internacional
- Modalidade C: producións e coproducións de longametraxes documentais de autoría galega con especial valor cinematográfico, que non empreguen como especial instrumento a recreación de ficción**
- Modalidade D: producións de curtametraxes de ficción, animación e documental de autoría galega cunha duración máxima de 30 minutos**
- Modalidade E: producións ou coproducións destinadas a ser emitidas por televisión:**
- E.1. Longametraxes, miniseries e series televisivas de ficción. Considéranse longametraxes de ficción para televisión as producións que teñan duración mínima de 60 minutos; miniseries de ficción, as producións de dous capítulos cunha duración mínima de 52 minutos cada un; e series de ficción, producións de ata 400 minutos de duración total que se correspondan cunha primeira tempada e teñan carácter autoconclusivo
  - E.2. Longametraxes documentais de autoría galega (duración mínima de 52 minutos) que non usen como principal instrumento a recreación de ficción
  - E.3. Serie de animación infantil e xuvenil (duración mínima global de 80 minutos e de carácter autoconclusivo)

COPRODUCCIÓN BIPARTITA     COPRODUCCIÓN TRIPARTITA     OUTRA

EMPRESAS COPRODUTORAS	ACHEGA ECONÓMICA	PORCENTAXE

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)


 2. Que en relación coas axudas de *minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda de *minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas de *minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
7. Que a entidade solicitante ou, de ser o caso, as empresas que integran a entidade xurídica solicitante cumpren cos requisitos de produtor/a independente, tal e como establece o artigo 4.n) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.
8. Que a entidade solicitante é titular dos dereitos de propiedade da obra, de acordo co establecido no artigo 24.2 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: uzotvep7-ffa6-0y79-6fq8-ym2pyv2fzj39


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA,  
 EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**ANEXO I**  
 (continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA** (continuación)

9. Que a entidade solicitante posúe un contrato ou carta de compromiso asinado cunha empresa prestadora do servizo de comunicación audiovisual relativa á participación no proxecto ou compra de dereitos de emisión da obra audiovisual, no caso de proxectos da modalidade E.

10. Declaración responsable en que conste a orixe galega ou vinculación da actividade profesional no sector audiovisual galego de máis de dous anos de antigüidade en Galicia, dos/das seguintes profesionais: (no caso de obras de autoría galega)

director/a     guionista     produtor/a executivo/a

11. Que a lingua orixinal de rodaxe/gravación é a que se especifica e coa porcentaxe:

IDIOMA	PORCENTAXE

12. Que a porcentaxe de días de rodaxe que se desenvolverá en Galicia será do  %.

13. No caso de proxectos de animación, que a porcentaxe de utilización de estudos principais de animación que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia é do  %.

14. Que as seguintes empresas auxiliares que desenvolven a actividade habitual en Galicia interveñen na produción:

NOME DA EMPRESA	TRABALLO DE PRODUCCIÓN

15. Que os/as seguintes profesionais teñen orixe galega ou vinculación profesional con Galicia de máis de dous anos de antigüidade de actividade profesional na Comunidade Autónoma cando a vinculación laboral coincida coas funcións que se definen e se teña dado en máis de dous proxectos audiovisuais ou baixo un contrato cun mínimo de dúas empresas produtoras diferentes do equipo creativo, técnico e actoral:

- Director/a
- Guionista
- Produtor/a executivo/a
- Director/a de produción
- Director/a de fotografía
- Responsable de son directo
- Compositor/a da banda sonora orixinal
- Director/a artístico/a
- Deseñador/a de personaxes e fondos
- Montador/a
- Outros/as profesionais creativos/as
- Actor/actriz principal
- Actor/actriz principal
- Actor/actriz non principal
- Actor/actriz non principal

16. Que a obra será a primeira ou segunda longametraxe integramente a cargo do/da director/a:  SI  NON

17. Que a dirección da obra estará integramente a cargo dunha muller:  SI  NON

18. Que a porcentaxe de mulleres que forman parte do equipo creativo, excluindo a directora, segundo a relación proposta na presente convocatoria, é superior ao 50 %:  SI  NON

19. Para proxectos das submodalidades E1 e E3, que as porcentaxes que se definen sobre o total do proxecto son as seguintes:

Capítulos dirixidos integramente por unha muller, porcentaxe:

Capítulos dirixidos integramente por un/unha director/a novel, porcentaxe:

Capítulos en que o/a creador/a da serie é autor/a principal do guión, porcentaxe:




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA,  
 EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**ANEXO I**  
 (continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA** (continuación)

20. Que as seguintes obras foron estreadas e difundidas pola empresa solicitante o, de ser o caso, polo/a produtor/a executivo/a:

OBRA	FORMATO	ANO DE PRODUCCIÓN

21. Que o proxecto para o cal se solicita a subvención obtivo axudas á escritura de guión ou desenvolvemento de proxectos en anteriores convocatorias da consellería competente en materia de cultura ou da Agadic:

- Axuda á escritura de guión      Ano de convocatoria:
- Ayuda a desenvolvemento de proxectos      Ano de convocatoria:

 22. Que a porcentaxe de financiamento debidamente acreditado sobre o custo total do proxecto é do  %.


**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**
**1. Documentación xeral**

- Se a persoa solicitante é persoa xurídica, certificado do acordo de solicitude da axuda ou da autorización da persoa que a asine en nome da entidade
- Contrato ou carta de compromiso dunha empresa prestadora do servizo de comunicación audiovisual, segundo a Directiva europea 2010/13/UE1 de servizos de comunicación audiovisual, no caso dos proxectos presentados á modalidade E

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no rexistro mercantil ou o que corresponda			
<input type="checkbox"/> Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude			

**2. Documentación específica**

- Documentación acreditativa de que o proxecto é obra orixinal e de posuír os dereitos suficientes do guión, obra literaria ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles
- Datos identificativos do proxecto: título, xénero, versión lingüística orixinal da obra, formato de rodaxe ou gravación, orzamento total, empresa ou empresas produtoras e nacionalidades, responsables da produción executiva, guión e dirección
- Sinopse argumental cunha extensión máxima de 500 palabras
- Guión ou guiños do proxecto (e/ou escaleta nos proxectos de non ficción e documentais)
- Memoria do proxecto, que contén:
  - Descrición de intencións, por parte da dirección en canto ao tratamento formal e os aspectos creativos do proxecto
  - Descrición, por parte da empresa produtora solicitante, das motivacións, o deseño da produción en canto a repartición de actores e actrices e outros elementos artísticos e técnicos relacionados co guión proposto, previsións de lanzamento e difusión nacional e internacional da obra
  - Plan de promoción e márketing especializado e un enlace a un *teaser* de non máis de tres minutos do proxecto, de ser o caso
- Historial creativo e profesional da empresa produtora en que se detallen as obras audiovisuais producidas, limitando a relación a un máximo de cinco títulos de maneira que figuren en primeiro lugar os que se correspondan coa modalidade a que se presenta o proxecto. Quedarán excluídos os formatos de contidos de entretemento. Historial do/da profesional responsable da produción executiva do proxecto, no caso de compañías de recente creación
- Documentación acreditativa en canto á presenza en festivais e certames de prestixio, nominación e obtención de premios, distribución e exhibición nacional, territorios de comercialización e repercusión en canles de televisión e plataformas da internet das obras producidas
- Contratos ou cartas de compromiso asinados en que consten as cantidades económicas acordadas con: director/a, guionista, produtor/a executivo/a (segundo proceda), no caso de obras de autoría galega
- Historial en canto a traballos previos realizados, e só se se pode acreditar documentalmente a súa participación no proxecto dos/das seguintes profesionais: director/a, guionista, produtor/a executivo/a, actores e actrices principais, director/a de fotografía, director/a artístico/a, deseñador/a de personaxes e fondos (animación), compositor/a da banda sonora orixinal. Contratos asinados ou cartas de compromiso que detallen as cantidades económicas, se os houberse, cos/coas profesionais relacionados/as. Especificación de se o/a director/a ten a condición de novel e de se a porcentaxe de mulleres entre os/as profesionais mencionados/as, con excepción da figura do/da director/a, supera o 50 %, de ser o caso. Indicación dos/das profesionais de orixe galega ou con máis de dous anos de actividade profesional en Galicia cando a vinculación laboral coincida coas funcións que se definen no proxecto e se teña dado en máis de dous proxectos audiovisuais ou baixo contrato cun mínimo de dúas empresas produtoras diferentes, de ser o caso. Indicación de: porcentaxe de capítulos dirixidos integramente por unha muller, porcentaxe de capítulos dirixidos integramente por un/unha director/a novel, creador/a da serie e porcentaxe de guiños en que este/a exerza a autoría principal, no caso de proxectos pertencentes ás modalidades E1 e E3
- Plan de financiamento e documentación xustificativa, de ser o caso, de: subvencións solicitadas e/ou concedidas, contratos ou cartas de interese relativos á explotación da obra en que se detallen as cantidades económicas (ventas ou cesión de dereitos con empresas prestadoras do servizo de comunicación audiovisual, vendas internacionais, dereitos de distribución, outros), contratos de coprodución, acordos de compromiso de investimento privado e achega de fondos propios. Para os efectos de acreditación do financiamento, os contratos e cartas de compromiso deberán ter data posterior ao 31 de decembro de 2019; de ser anteriores cómpre achegar unha actualización ou addenda.
- Orzamento definitivo segundo os modelos publicados na páxina web da Agadic
- Calquera outra documentación que a persoa solicitante considere pertinente para a mellor defensa do proxecto


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: uzotvep7-ffa6-0y79-6fq8-ym2pyv2fzj39


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA,  
 EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE


**ANEXO I**  
 (continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe/subepígrafe que corresponda, no exercicio actual	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON


INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Axencia Galega das Industrias Culturais
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de decembro, de Administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 23 de decembro de 2020 pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento CT207A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>



Axencia Galega das Industrias Culturais


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

## ANEXO II

## DECLARACIÓN DE AXUDAS

CT207A - SUBVENCIÓNS A PRODUCIÓNS E COPRODUCIÓNS AUDIOVISUAIS DE CONTIDO CULTURAL GALEGO

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

## SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 

Axencia Galega das Industrias Culturais



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>